



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 8/2020, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 26 DE NOVEMBRO DE 2020 .**

## **ASISTENTES**

### **Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

### **Concelleiros/as:**

#### **Grupo municipal da AdV de Carral**

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

#### **Grupo municipal do PP**

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

#### **Concelleira non adscrita**

FLORINDA DUARTE GERPE

#### **Interventora do Concello**

NOEMI GONZALEZ MATO

#### **Secretario do Concello:**

DIEGO GARCIA DOVAL

## **NON ASISTE**

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (PP)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares]

**HORA DE INICIO: 20:30**

**HORA DE REMATE: 21:57**

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 26 de novembro de 2020, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 23 de novembro de 2020 e, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 8/2020, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.-Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo e Bergondo para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable do Concello de Carral (PACES) no marco do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- 4.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial do borrador do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral para o seu sometemento a información pública.
- 5.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de adhesión do Concello de Carral ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña.
- 6.- Proposta da Alcaldía ao Pleno da aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2020.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 7.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 8.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 9.-Rogos e preguntas.

### Parte resolutiva da sesión

#### **1.-APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CUXOS BORRADORES FORON REMITIDOS AOS/ÁS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 6/2020, ordinaria, do 24 de setembro de 2020 e 7/2020, extraordinaria, do 10 de novembro de 2020.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN INICIAL, NO QUE CORRESPONDE AO CONCELLO DE CARRAL, DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA AGRUPACIÓN COS CONCELLOS DE ABEGONDO E BERGONDO PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURARÍA, QUE OCUPARÁ UN/HA FUNCIONARIO/A DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.**

## EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 17 de novembro de 2020, como segue:

### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo e Bergondo para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.**

Logo de ver que os artigos 2 e 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece, no que se refire á función pública de Tesouraría, o seguinte:

#### **"Artículo 2 Funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales**

**1.-Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:**

**b) Intervención-Tesorería, comprensiva del control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación. (...)**


**3. Corresponderán a los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional las funciones necesarias, dentro de su ámbito de actuación, para garantizar el principio de transparencia y los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad económico-financiera.(...)**

#### **Artículo 14 Tesorería**

**1.-En las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en primera o segunda clase, existirá un puesto de trabajo denominado Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 5 de este real decreto.**

**2.-Los puestos a que se refiere el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesorería.**

**3.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.ª y 3.ª, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

4.-Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 3.ª podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de tesorería-recaudación en todos los municipios agrupados.

Este puesto está reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de la subescala de Secretaría-Intervención.

Será aplicable a estas agrupaciones la misma regulación establecida para las agrupaciones de Secretaría e Intervención, en los artículos 9 y 12 de este real decreto.”.

Considerando que os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, como se indicou, establece no seu punto 3º que “Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.ª y 3.ª, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”

Considerando o disposto nos artigos citados e a regulación contida nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional), que permiten a agrupación voluntaria de municipios cuxa secretaría sexa de clase segunda para o sostemento en común do posto de Tesouraría.

Atendendo a que, segundo a normativa básica de aplicación, corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesouraría se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto agrupado reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición no rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Á vista da regulación que antecede, os Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño, acordaron nos seus respectivos plenos, e tal como se expuxo na xuntanza previa levada a cabo coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, a incoación do expediente para a constitución dunha agrupación voluntaria dos devanditos Concellos para o mantemento en común do posto de Tesouraría, para o seu desempeño por un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Ademais, aprobáronse polo plenos dos catro concellos, inicialmente, os estatutos que haberían de rexer a devandita agrupación, elaborados previamente pola Comisión paritaria creada polos catro concellos citados para tal fin, que formulou a súa proposta en xuntanza do 9 de decembro de 2019.

O expediente someteuse á preceptiva información pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia núm. 12 do 20 de xaneiro de 2020, polo prazo dun mes.

No prazo de exposición pública non se presentaron alegacións.

O 3 de febreiro de 2020, solicitáronse os informes preceptivos á Delegación do Goberno en Galicia e á Deputación Provincial da Coruña, que non emitiron o informe en prazo. De xeito extemporáneo, recibouse informe favorable da Delegación do Goberno en Galicia o 5 de marzo de 2020.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O 6 de marzo de 2020, no Boletín Oficial do Estado núm. 57, do 6 de marzo de 2020, publicouse a Resolución de 25 de febreiro de 2020, de la Dirección General de la Función Pública, por la que se resuelve el concurso unitario de provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, en cuyo artigo terceiro, adxudica os postos incluídos na convocatoria, nos termos que se determinan no anexo adxunto, entre os que figuraba, na Comunidade Autónoma de Galicia, no eido das Tesourarías, a do Concello de Miño, resultando adxudicataria, dona Paula Herráez Blanco.

Entendendo que tal resolución ven a afectar de xeito profundo e directo aos acordos acadados con anterioridade referidos á constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño para o mantemento en común do posto de Tesourería, de xeito que se alteran as condicións inicialmente pactadas e reflectidas nos estatutos da agrupación, aprobados inicialmente polos plenos municipais, os integrantes da comisión paritaria, en xuntanza realizada o 22 de outubro de 2020, acordaron desistir de tal agrupación nos termos planteados nos acordos iniciais.

Considerando que, as necesidades iniciais que impulsaron a constitución dunha agrupación voluntaria para mantemento en común do posto de Tesourería subsisten, mediante acordo plenario do 10 de novembro de 2020, o Concello de Carral acordou, no que lle incumbe, desistir do procedemento para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño para o mantemento en común do posto de Tesouraría, polas razóns indicadas, e incoar o expediente para a creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soste en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Abegondo e Bergondo, remitir o acordo aos Concellos indicados, aos efectos da realización das negociacións necesarias para a posible agrupación das Tesourarías dos tres concellos, e designar ao señor Alcalde-Presidente, coma representante do Concello de Carral na Comisión paritaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, que se constituiría para entablar as negociacións tendentes á elaboración dos estatutos da agrupación e que estaría formada por tres membros, un por cada concello, asistidos polos secretarios/as e interventores/as dos respectivos concellos.


Logo de ver que, con data do 16 de novembro de 2020, se reuniu a devandita comisión paritaria e elaborou o texto definitivo dos estatutos que rexerán a citada agrupación, e que se achegan coma anexo a esta proposta (reunión da cal se levantou acta por parte da señora Secretaria do Concello de Bergondo).

Por todo o exposto, logo de ver a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo e Bergondo, en razón de todo o exposto e logo de ver a regulación existente en relación ás agrupacións voluntarias para ou sostemento en común de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional por parte do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional).

Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o informe de fiscalización preceptivo e o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

- 1).-Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesouraría.
- 2).-Designar ao señor Alcalde (actualmente D. Francisco Javier Gestal Pose) e á señora Primeira Tenente de Alcalde (actualmente D<sup>a</sup> Susana Guimarey García) (e coma suplentes respectivos ao señor concelleiro de Servizos Sociais, Deporte, Cultura, Xuventude e Participación Cidadá- actualmente D. Francisco Javier Bello Hermida e á señora



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

concelleira de Educación, Sanidade e Igualdade- actualmente, D<sup>a</sup> María Mercedes Caridad López) coma representantes do Concello de Carral na xunta administrativa da agrupación.

3).- Aprobado, no que corresponde ao Concello de Carral, inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se achega coma anexo.

4).- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e secundar a solicitude por parte do Concello de Bergondo, coma cabaceira da agrupación, do informe da Deputación Provincial da Coruña e da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

Carral, 17 de novembro de 2020

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

## ANEXO

### **"ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO E CARRAL DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA.**

(...) [Reprodúcense na parte dispositiva do acordó] ..

No expediente constan os preceptivos informes da Secretaría do Concello, 1472020, do 17 de novembro de 2020, e da Intervención do Concello, da mesma data.


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2020, ordinaria, realizada o 23 de novembro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante presente na sesión do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita (cinco votos, segundo o voto ponderado indicado).

## DEBATE

Ningún/has dos/as membros da Corporación asistentes á sesión desexa realizar ningunha manifestación.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

adscrita), o que supera a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1).-Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesouraría.

2).-Designar ao señor Alcalde (actualmente D. Francisco Javier Gestal Pose) e á señora Primeira Tenente de Alcalde (actualmente D<sup>a</sup> Susana Guimarey García) (e coma suplentes respectivos ao señor concelleiro de Servizos Sociais, Deporte, Cultura, Xuventude e Participación Cidadá- actualmente D. Francisco Javier Bello Hermida e á señora concelleira de Educación, Sanidade e Igualdade- actualmente, D<sup>a</sup> María Mercedes Caridad López) coma representantes do Concello de Carral na xunta administrativa da agrupación.

3).- Aprobar, no que corresponde ao Concello de Carral, inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se achega coma anexo.

4).- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e secundar a solicitude por parte do Concello de Bergondo, coma cabecera da agrupación, do informe da Deputación Provincial da Coruña e da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

## ANEXO

### **“ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO E CARRAL DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA.**

#### **Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.**

1.-Os Concellos de Bergondo, Abegondo e Carral, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2.-A Agrupación constituída rexerase polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.

3.-A cabecera da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.

#### **Artículo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

## Artigo 3. Organización.

1.-A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.

Esta Xunta Administrativa estará integrada por sete membros, designando o pleno de cada concello dous membros e suplentes por cada concello, contando con tres membros o concello de cabeceira.

Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.

2.-As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das dbses do réxime local.

3.-Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:

- O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.
- Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.
- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4.-A Xunta administrativa rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

## Artigo 4. Réxime do persoal

1.-O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.

2.-Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos integrantes da agrupación do seguinte xeito: Os martes, ao Concello de Abegondo; os mércores, ao de Bergondo e os xoves, ao de Carral; cada semana os luns e venres a un concello dos integrantes da agrupación: semana 1. Concello de Abegondo; semana 2. Concello de Bergondo; e semana 3: Concello de Carral e volta a comenzar as quendas.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3.-O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos tres concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Excepcións deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste/a funcionario/a en calquera dos municipios agrupados.

4.-O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo/a Presidente/a da Agrupación na súa condición de alcalde/sa da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.

## **Artículo 5: Retribucións.**

1.-O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírse a partes do seguinte xeito entre os tres concellos que conforman a agrupación: 34% Concello de Bergondo; 33% Concello de Abegondo e 33% Concello de Carral.

2.-As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3.-As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadírase o complemento de agrupación (45% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).


4.-Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.

## **Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación.**

1.-O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo e Carral comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2.-A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3.-O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes: Concello de Abegondo: 33%  
Concello de Carral: 33%

## Artigo 7. Réxime xurídico da Agrupación.

1.-En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reuniráse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.

2.-O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

## Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación.

1.-A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.

2.-A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de réxime local.

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.


En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3.-No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.

4.-Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

- a).-A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos
- b).-O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,
- c).-Maiores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.
- d).-A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.

5.-Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- a).-A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.
- b).-A agregación dun municipio ou entidade local supramunicipal

## Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos.

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.

### Disposición final única.

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.”.” ..

## 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE CARRAL (PACES) NO MARCO DO PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, con sinatura electrónica do 18 de novembro de 2020, como segue:


#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Aprobación do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE CARRAL (PACES) no marco do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.**

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

1).- un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;

2).- unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Con base en todo o que antecede, o Pleno do Concello de Carral acordou, na súa sesión ordinaria realizada o 01 de abril de 2019, a adhesión do Concello de Carral (A Coruña) ao (agora redominado) Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea e facultar ao Alcalde do Concello de Carral (A Coruña) a representar ao Concello na sinatura do Pacto das Alcaldías e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

Tal adhesión supón os compromisos do Concello de Carral a:

I.-Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

II.-Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

III.-Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

IV.-Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

V.-Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

VI.-Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

VII.-Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

VIII.-Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

IX.-Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Por outra banda, o 02 de setembro de 2020 a Xunta de Galicia notificou ao Concello de Carral [ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2020 (código de procedemento MT210A) (D.O.G. Nº 93, 14 de maio de 2020)], a resolución ditada pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, por delegación da súa Conselleira, pola que se lle concedeu ao CONCELLO DE CARRAL unha axuda por importe de 6.000 € para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), segundo as particularidades establecidas na memoria de solicitude, para a execución no ámbito xeográfico do propio Concello e cun período subvencionable entre o 01 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020.

Con data do 14 de novembro de 2020, FLINQ INGENIERÍA SL (B70497003) achegou ao Concello o documento "Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible del Ayuntamiento de Carral", asinado electrónicamente o 13 de novembro de 2020 polo Enxeñeiro Industrial D. Iago Pedreira Bestilleiro en representación da devandita sociedade.

Con data do 17 de novembro de 2020, en cumprimento do establecido no artigo 172.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Técnica de Medio Ambiente do Concello, María José Couto López, emitiu ao respecto o informe que se transcribe a continuación (e que serve de motivación de este acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas):

**"Asunto: informe para a aprobación do Plan de Acción Para o Clima e a Enerxía do Concello de Carral"**

## ANTECEDENTES

O 1 de abril de 2019, o Pleno do Concello de Carral, acordou asinar o Pacto dos alcaldes sobre o clima e a enerxía.

Ca firma de este Pacto, o Concello de Carral, se compromete a:


Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> (e, posiblemente, outras emisións de gases de efecto invernadoiro) no seu territorio nun 40 % como mínimo de aquí a 2030, en particular a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovables.

Aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Co fin de traducir tales compromisos en feitos, esta Administración local comprométese a seguir a seguinte formulación por etapas:

Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.

Presentar un Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do Concello.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

*Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable con fins de avaliación, seguimento e control.*

No DOG nº93 de data, xoves 14 de maio de 2020, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publica a ORDE do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014 -2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

Conforme a estas bases se procede a realizar a solicitude.

Mediante resolución do 1 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A) (Diario Oficial de Galicia número 93, do 14 de maio) se concede a Concello de Carral a axuda de 6000 euros para a elaboración do Plan de Acción.

Con data 16 de outubro de 2020 se presenta por parte de FLINQ INGENIERÍA SL o Plan de Acción Para o Clima e a Enerxía Sostible do Concello de Carral.

Neste Plan se fai unha avaliación da situación actual do Concello e un inventario de emisións nos seguintes sectores:

- .-Edificios, instalación, e equipamentos municipais
- .-Residencial
- .-Transporte
- .-Augas residuais
- .-Residuos sólidos urbanos


Ademáis, se fai unha avaliación dos riscos e vulnerabilidades fronte o cambio climático do Concello de Carral como:

- .-Frío extremo
- .-Calor extremo
- .-Sequía
- .-Inundacións, etc.

E se propoñen medidas de adaptación como mellora da envolvente dos edificios e información á poboación.

Por último, se propoñen unha serie de medidas de redución do CO2 do 40,01% con respecto aos valores de emisión do 2010. Entre as medidas propostas para acadar estes obxetivos, algunhas xa iniciadas están:

- .-Instalación de alumado LED



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Instalación de placas solares
- Implantación de sistemas de alta eficiencia enerxética en sistemas de bombeo
- Formación a empregados municipais e veciños.
- Plan de movilidad urbana sostible
- Compostaxe

O presuposto total estimado para o Plan é de 62.578.417.

Non obstante, é importante sinalar que, o único compromiso adoptado é a reducir as emisións de CO2 (O obxectivo e reducir nun 40% as emisións de CO2 aquí ao 2030 e hasta o 2050).

Non implica un gasto fixo sino que dentro de este plan se habrá que ir adaptando as necesidades de realización e á existencia de presuposto municipal e a búsqueda de fontes de financiación como poden ser subvencións da Deputación de A Coruña, da Xunta de Galicia así como estatais e europeas. Incluso moitas de estas axudas, a partir de agora virán condicionadas á aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible.

En conclusión, as actividades propostas no plan se consideran importantes e necesarias para mellorar a calidade de vida no municipio e mediante a aprobación do mesmo se opta a conseguir outras vías de financiación ademais da propia municipal.

Por tanto, se propón ao Pleno a aprobación do presente plan.

Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Asdo.: María José Couto López

Técnico en Medio Ambiente".

Á vista de todo o que antecede, e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previos a fiscalización da Intervención e o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes


## ACORDOS

1.-Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Carral contido no documento "Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible del Ayuntamiento de Carral" descrito na parte expositiva destes acordos.

2.-Reafirmar ao Concello de Carral no compromiso adquirido ao adherirse ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, en relación coa execución das actividades, accións e comportamentos recollidos no devandito PACES.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Francisco Javier Gestal Pose

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2020, ordinaria, realizada o 23 de novembro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante presente na sesión do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita (cinco votos, segundo o voto ponderado indicado).

## DEBATE

A concelleira non adscrita manifesta que está de acordo coa proposta.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que non ten nada que engadir.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que, trala adhesión ao pacto en abril de 2019, esta cuestión xa “*chegaba a termo*”. Engade que en nove anos haberá que tentar conseguir acadar os obxectivos. Observa, por outra banda, que non viu que no informe estivese incluído o edificio dunhas 180 ou 190 vivendas dotado de enerxía xeotérmica. O señor Couto López resposta que entende que o plan é para edificios de titularidade pública, non privada. O señor Fernández Mouriño reitera que non todo o que aparece é público, e que, na súa opinión, habería que avisar aos redactores para que inclúan ese edificio, que é o maior de Galicia con esas características.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita), adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Carral contido no documento “Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible del Ayuntamiento de Carral” descrito na parte expositiva destes acordos.
- 2.-Reafirmar ao Concello de Carral no compromiso adquirido ao adherirse ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, en relación coa execución das actividades, accións e comportamentos recollidos no devandito PACES.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN INICIAL DO BORRADOR DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CARRAL PARA O SEU SOMETEMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, con sinatura electrónica do 18 de novembro de 2020, como segue:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial do borrador do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral para o seu sometemento a información pública.**

Logo de ver que a Lei 3/2007, do 09 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, entre outras cuestións, define a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa como o conxunto de parcelas lineais do territorio estratéxicamente ubicadas onde se garantiza o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal mediante técnicas silvícolas idóneas con obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Na mesma Lei 3/2007 estrutúrase a defensa contra os incendios forestais nos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais a nivel autonómico, de distrito e municipal e establécese que o concello é o competente para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios, ordenar a execución das obras necesarias para manter a biomasa vexetal en condicións axeitadas que eviten incendios e as excucións subsidiarias de faixas de xestión de biomasa.


Logo de ver que o Concello de Carral, mediante acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 27 de setembro de 2018 ratificou a solicitude da Alcaldía de entón, realizada o 17 de setembro de 2018, da adhesión ao Convenio de colaboración suscrito o 09 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galego, S.A. (SEAGA) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Mediante escrito do 19 de outubro de 2020 do Director Xeral de Defensa do Monte da Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia, en cumprimento da cláusula segunda 1.a) do devandito convenio, remiitiuse ligazón para a descarga en formato dixital do borrador do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) e do manual básico do procedemento.

Con data do 10 de novembro de 2020, en cumprimento do establecido no artigo 172.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Técnica de Medio Ambiente do Concello, María José Couto López, emitiu ao respecto o informe que se transcribe a continuación (e que serve de motivación de este acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ), para atender ao primeiro paso establecido no devandito manual básico do procedemento (validación das faixas secundarias establecidas no devandito borrador do plan):

#### **“ASUNTO: INFORME PARA A APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

A lei 3/2007 define a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa como o conxunto de parcelas lineais do



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

territorio estratéxicamente ubicadas onde se garantiza o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal mediante técnicas silvícolas idóneas co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Na mesma lei 3/2007 se estrutura a defensa contra os incendios forestais nos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais a nivel autonómico, de distrito e municipal.

O concello é o competente para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios, ordenar a execución das obras necesarias para manter a biomasa vexetal en condicións axeitadas que eviten incendios e as excucións subsidiarias de faixas de xestión de biomasa.

O Concello de Carral se adheríu ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Como resultado deste convenio o SEAGA elaborou o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Carral.

Este Plan ten como obxectivo reflexar nun documento as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais. Se fai unha análise da situación actual e se delimitan as zonas do territorio nas que é preciso actuar para unha mellor prevención dos incendios forestais.

## **Este Plan cumpre ca estrutura e as directrices que marca a Lei 3/2007 e a demais normativa aplicable**

Por tanto, se propón ao Pleno do Concello de Carral a súa aprobación inicial, e a apertura dun periodo de información pública por un periodo de 20 días.

Posteriormente se enviará solicitude de informe á Dirección Xeral de Defensa do Monte xunto cas alegacións que se houberan presentado.

O cal, se fai constar para que se tome en consideración aos efectos oportunos.

En Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

María José Couto López

Técnico en Medio Ambiente".


Á vista de todo o que antecede, e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

1.-Aprobar inicialmente o borrador do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Carral e sometelo a información pública, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante un periodo de vinte días hábiles mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2.-Continuar o procedemento segundo o establecido na normativa aplicable e o indicado no manual básico do procedemento indicado na parte expositiva destes acordos.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

”

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2020, ordinaria, realizada o 23 de novembro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante presente na sesión do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita (cinco votos, segundo o voto ponderado indicado).

## DEBATE

A concelleira non adscrita manifesta que está de acordo coa proposta.


O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que é unha ferramenta que vai facilitar, ao estar as franxas de seguridade delimitadas, o traballo de saber cando cada parcela ten que someterse a desbroces cando corresponda por lei.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) indica que lle parece moi ben e que, trala adhesión feita en setembro de 2018, por fin chega. Engade que non cre que haxa moitos motivos para realizar alegacións nos vinte días que se outorgarán para velo e presentar alegacións. Pide que se informe do referido trámite nas redes sociais, na prensa e na web do Concello. Reitera que lle parece ben e que facilitará o labor dos servizos municipais de Medio Ambiente, de xeito que os requirimentos para a limpeza de predios se poderán facer de xeito máis sinxelo.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita), adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Aprobar inicialmente o borrador do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Carral e sometelo a información pública, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante un período de vinte días hábiles mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 2.-Continuar o procedemento segundo o establecido na normativa aplicable e o indicado no manual básico do procedemento indicado na parte expositiva destes acordos.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARRAL AO PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, con sinatura electrónica do 18 de novembro de 2020, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de adhesión do Concello de Carral ao Programa de Telesistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña.**

Logo de ver que, con data do 09 de novembro de 2020, recibíuse comunicación da Deputación Provincial da Coruña segundo a cal o devandito ente aprobou o seu Regulamento de funcionamento do programa de Telesistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña, que establece, no seu artigo 8, entre outras obrigas, que para ter acceso ao Servizo de Telesistencia Provincial, os Concellos de menos de 50.000 habitantes que o desexen, deberán adherirse ao programa, conforme o devandito regulamento. No escrito indícase tamén que a tal efecto se creou un procedemento na plataforma SUBTEL (0217) Telesistencia: Solicitudes de adhesión, co obxecto de que os Concellos que desexen continuar co Servizo de Telesistencia, tramiten a súa adhesión.

Logo de ver o devandito Regulamento de funcionamento do Programa de Telesistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña, publicado no BOP da Coruña nº 248, do 31 de decembro de 2019, e, en especial os seus artigos que se reproducen a continuación:

#### **"(...)Artigo 7. FINANCIAMENTO**

O servizo de telesistencia ten carácter gratuito para a persoa usuaria e financiarase con fondos propios desta Deputación, dotando economicamente no seu orzamento anual os créditos correspondentes ao financiamento do programa, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias da institución provincial.

#### **Artigo 8. OBRIGAS DOS CONCELLOS ADHERIDOS AO PROGRAMA**

Para ter acceso ao Servizo de Telesistencia Provincial, os concellos de menos de 50.000 habitantes que o desexen, deberán adherirse ao programa, conforme ao presente regulamento e asinar un acordo de corresponsabilidade para o tratamento de datos de carácter persoal.

A adhesión dun concello ao programa provincial de telesistencia, realízase segundo o modelo (Anexo I) aprobado neste regulamento.

Co acordo de adhesión os concellos obríganse a:

- Designar como representante técnico do servizo a un/unha traballador/a social do concello.
- Ao cumprimento do regulamento vixente regulador do servizo de telesistencia.
- Asumir a responsabilidade de informar as persoas interesadas no programa e solicitarlles o seu consentimento á recollida e tratamento de datos.
- A cumprir co procedemento establecido neste regulamento para a tramitación electrónica de expedientes, en relación ao uso da plataforma electrónica SUBTEL.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- O control de acceso á plataforma electrónica de tramitación da TAD permitindo o acceso exclusivamente a aqueles profesionais autorizados pola deputación provincial. O identificador de usuario ou clave de acceso son individuais e non deben ser comunicados a outras persoas.
- Dar traslado ás persoas usuarias das sucesivas resolucións recaídas no procedemento.
- Comunicarlle á Deputación, no prazo máximo de 10 días, calquera variación que se experimente en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo a favor das persoas usuarias do municipio.
  - Comunicarlle á Deputación, no prazo máximo de 10 días, as baixas producidas, en canto á prestación do servizo, motivadas por calquera das causas apuntadas no regulamento.
  - Solicitar de oficio á Deputación a baixa por falecemento de persoas usuarias de TAD do concello, cando teña coñecemento aínda cando non o solicite un familiar. (...)

Por iso, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en virtude das súas atribucións outorgadas polo artigo 22.2 da LRBRL, previo o ditame preceptivo da Comisión Informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS:

- 1.- Adherir o Concello de Carral ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose a cumprir coas cláusulas do regulamento do programa, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 246 de 31 de decembro de 2019.
- 2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao programa.

Carral, na data de siantura electrónica

O ALCALDE


Francisco Javier Gestal Pose.”

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2020, ordinaria, realizada o 23 de novembro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante presente na sesión do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita (cinco votos, segundo o voto ponderado indicado).

## DEBATE

O señor Alcalde explica que se trata dun servizo gratuito financiado con fondos propios da Deputación.

A concelleira non adscrita pregunta a quen vai dirixido, ao que o señor Alcalde resposta que “non se dá a nenos de 15 anos”, senón á xente que o solicite e teña dereito a ela.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que está de acordo coa proposta, pois considera que o servizo funciona moi ben e dá tranquilidade ás persoas maiores.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) indica que, logo de solicitar o servizo, evalúan as peticións as técnicas de Servizos Sociais e pásanse as peticións á Deputación, que é a que vén prestando o servizo dende hai anos. Puntualiza que “non se dá a nenos de 15 anos nin a quen queira”, xa que, polo menos antes, estaba o número de usuarios limitado. O señor Alcalde dálle as grazas pola información.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita), adoptando os seguintes acordos:

1.- Adherir o Concello de Carral ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose a cumprir coas cláusulas do regulamento do programa, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 246 de 31 de decembro de 2019.

2.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao programa.

## 6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2020.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 17 de novembro de 2020, como segue:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO**

**(ASUNTO: Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2020)**

Vista a relación de gastos procedentes de exercicios anteriores, correspondentes a obras, servizos e subministracións prestadas ao Concello de Carral, por un importe total de 14.443,66 euros.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal.

Considerando que a aprobación do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ao Pleno da Corporación por non existir dotación orzamentaria específica, tal e como dispón o artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Polo exposto, elévase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, a seguinte,



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento expediente nº 2/2020, por un importe total de 14.443,66 euros, dos créditos que a continuación se detallan:

Nº de Entrada	Nº de Factura	Data fra.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ.
F/ 2019/1344	221	30/04/2019	312,00 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	RAMILO VARELA JOSEFA	231	22713
F/ 2019/1345	216	30/04/2019	773,76 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BRANDARIZ BERGONDO DOLORES	231	22713
F/ 2019/1346	229	31/05/2019	162,24 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	GENDE VARELA CARMEN	231	22713
F/ 2019/1347	230	31/05/2019	807,21 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	FERREIRO FERNANDEZ JESUSA	231	22713
F/ 2019/1348	232	31/05/2019	281,42 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BRANDARIZ BERGONDO DOLORES	231	22713
F/ 2019/1349	225	31/05/2019	434,55 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BARBEITO REBOREDO ANUNCIA	231	22713
F/ 2019/1350	228	31/05/2019	183,58 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	RAMILO VARELA JOSEFA	231	22713
F/ 2019/1351	227	31/05/2019	405,60 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	ROEL BAO MARIA	231	22713
F/ 2019/1354	234	31/05/2019	124,80 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	MORANDEIRA BOQUETE JOSE	231	22713
F/ 2019/1355	231	31/05/2019	748,80 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	CALVIÑO MOSQUERA JOSE	231	22713
F/ 2019/1357	213	30/04/2019	9.497,40 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	Libre concurrencia Abril 2019	231	22714
F/2020/794	Rect2019- 039- 370	25/02/2019	462,70 €	B7033449 5	EVENTOS DEPORTES Y SERVICIOS LUDICOS DEL NOROESTE S.L.U.	Rect. 2019-039 370 / Actividad Judo Escuela Municipal Judo Tabeaio	341	22610
F/ 2020/1671	856	31/01/19	249,60 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	Carmen Gende	231	22713
<b>IMPORTE TOTAL</b>			<b>14.443,66 €</b>					

**SEGUNDO.-** Aplicar ao orzamento do exercicio vixente os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións que se sinalan na relación anterior.


Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.

”

No expediente da sesión consta o informe emitido pola Interventora do Concello o 17 de novembro de 2020 que se transcribe a continuación:

## INFORME DE INTERVENCIÓN

(ASUNTO: Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2020)



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Vista a relación de créditos procedentes de exercicios pechados por importe total de 14.443,66 €, presentadas pola Alcaldía-Presidencia para que se asuman como propias desta Corporación por ter realizado a prestación a favor da mesma e que se presentan como proposta para o Pleno, esta Intervención Municipal, presenta o seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que:

“1.- Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario (art. 163 e 176 TRLRFL).

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a).- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos Orzamentos Xerais da Entidade local (art. 176.2.a) TRLRFL).

b).- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto establecido no art. 47.5 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

c).- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o art. 60.2 do presente Real Decreto.”

Este precepto é un dos que na nosa lexislación consagra o principio de anualidade, en relación, en concreto, cunha das fases do orzamento: a execución, acoutando un ámbito temporal para “contraer” ou “recoñecer” obrigas de gastos que se realicen no mesmo exercicio orzamentario, establecéndose as excepcións que se conteñen no apartado 2º transcrito.

Pola súa banda, o art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece:

“2. Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera.”

SEGUNDO.- De conformidade co principio de anualidade, a aplicación de gastos procedentes do exercicio anterior ao orzamento vixente ten carácter excepcional, polo que deben adoptarse as medidas oportunas para reducir o seu importe ao mínimo imprescindible. Iso no entanto, e sen prexuízo doutras posibles consecuencias, para evitar o enriquecemento da Administración por gastos de exercicios anteriores que carecen de cobertura legal, é procedente o recoñecemento extraxudicial de créditos.

A excepcionalidade das facturas a aprobar se resume nas seguintes circunstancias:

- A factura Rect2019-039-370 de data 25/02/2020 emitida pola empresa EVENTOS DEPORTES Y SERVICIOS LÚDICOS DEL NOROESTE SLU(B70334495) POR IMPORTE DE 462,70 € pola prestación das Escolas Municipais de judo de Tabeaio entre o 25/02/2019 e 31/03/2019, por un erro da empresa xestora do servizo non foi emitida en tempo e forma, emitíndose en data 03/06/2020 (nº rexistro en contabilidade 2020/794).
- As facturas emitidas pola empresa ENDE BEN ORDES SL (B370315577), actualmente en concurso de acreedores, estaban pendentes de confirmar cales correspondía pagar ao Concello por servizos efectivamente realizados e cales non correspondían. As facturas que se presentan a aprobación extraxudicial están avaladas polo informe emitido por Dona Dolores Fernández Vázquez, como educadora social do Concello de Carral, en data 13 de novembro de 2020.

TERCEIRO.- O procedemento que se haberá de seguir consta dos seguintes trámites:

- Proposta de alcaldía incoando o procedemento: deberá ir acompañada dos documentos acreditativos debidamente conformados
- Fiscalización pola Intervención.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Dictame da Comisión Informativa de Facenda.

- Aprobación polo Pleno do expediente: tal aprobación comportará a emisión do documento contable "ADO".

Á Vista do exposto, esta Intervención Municipal INFORMA que existe crédito orzamentario no exercicio 2020 para facer fronte os gastos propostos e nas partidas propostas pola Alcaldía ó Pleno.

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe."


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2020, ordinaria, realizada o 23 de novembro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante presente na sesión do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita (cinco votos, segundo o voto ponderado indicado).

## DEBATE

A concelleira non adscrita manifesta que viu no informe da Intervención que se trata de facturas para cuxos gastos non había partida suficiente, mentres que lle trasladaron que nas redes sociais se publicou que son débedas do goberno anterior. Indica que non quere pensar que sexa con mala fe, pois ela levou os Servizos Sociais os últimos catro anos e a maioría das facturas son de Ende ben, agás unha. Explica que, nos últimos meses (xaneiro-marzo), xa non prestaba servizos en Carral, máis que un par de domicilios, e que se mantivo un dobre gasto para garantir que ían estar atendidos os domicilios. Engade que se pediu a Ende Ben que facturasen ben e, como "xa non tiñan xestión", devolvéronse algunhas facturas erróneas tras revisalas. Explica que fixeron que estivesen atendidos os usuarios aínda que fose por outra empresa. Adianta que vai votar a favor da proposta, mais opina que puideron ter incorporado este recoñecemento extraxudicial no primeiro que fixeron, e espera que non actuasen de mala fe.

A señora Guimarey García (concelleira de Economía e Facenda, Réxime Interior e Recursos Humanos) explica que é o segundo recoñecemento extraxudicial e que se refire a facturas integramente correspondentes ao período anterior de goberno. Coida que é certo que Ende Ben funcionaba mal e que remitiron un número indefinido de facturas e que, ao entrar en concurso de acredores, contactouse coa administración concursal trala suspensión de prazos derivada da COVID, e pasaron as facturas a Intervención e Servizos Sociais para que dixesen cales eran correctas e cales non. Manifesta que había facturas dende xaneiro de 2019 que estaban sen aprobar, e que as que non eran correctas había que rexeitalas para no deixalas no limbo. Engade que, en calquera caso, todas son facturas cuxo "período impositivo" foi o do goberno municipal anterior.

A concelleira non adscrita replica que nos departamentos de Servizos Sociais e Tesouraría hai requirimentos para revisar as facturas, e que non se deixaron enriba da mesa. Reitera que está de acordo



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


con que se aproben as facturas correctas, e que o goberno municipal do PP contratou a dúas empresas máis a maiores de Ende ben e non escatimou en gastos para esa finalidade. Explica que Ende Ben facturou horas de máis e que ela nunca asinou ningunha factura sen o visto e prace da técnica responsable. Opina que están a dicir o mesmo e que mellor ca ela non o vai saber, pois era quen levaba o departamento. Reitera que ten os correos remitidos a Ende Ben coas facturas que había que arranxar, e que ían cun escrito da asesoría xurídica do Concello para reclamar á empresa. Coida que é un debate absurdo, pois están a dicir o mesmo: que se mandaron de volta as facturas que non estaban correctas.

A señora Guimarey García manifesta que a concelleira non adscrita está confundida, pois hai facturas correctas que as técnicas dixeron que se tramitasen, e outras “foron para atrás”. Explica que só as revisadas polas técnicas de Servizos Sociais e que dixeron que eran correctas van ao recoñecemento extraxudicial, e hai un informe técnico de Servizos Sociais dicindo cales son correctas dentro da serie ilimitada que presentou Ende Ben, de xaneiro a maio.

A concelleira non adscrita indica que nunca dixo que se aprobasen todas, pois opina que “era un timo o que lle estaban facendo ao Concello de Carral”. Engade que non acepta que digan que é unha débeda pendente do equipo anterior, pois, na súa opinión, teñen que matizar que é porque estaban mal e mandáronse de volta.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) indica que lle parecería ben que se usasen as redes sociais dun partido político, mais amosa a súa sorpresa por que se enfatice na web municipal que é unha débeda do goberno anterior. Lembra que o actual equipo de goberno manifestou que arranxarían os problemas moi serios cos Servizos Sociais e que o “quitarían a contratación” inmediatamente, mais, logo dun ano e medio, segue sen contratar. Indica que sabe que non é fácil, que se trata de pregos complicados e que a situación pola COVID é complexa. Engade que hai un informe do 13 de novembro de 2020 da técnica de Servizos Sociais Dolores Vázquez, no que se indica as que se deben pagar ou non, e opina que terían sido uns irresponsables se as pagasen sen revisar. Pide que non digan que dende xuño de 2019 ata novembro de 2020 non o deron solucionado para metelo nun recoñecemento extarxudicial. En canto á factura de judo de tabeio, opina que é un problema deles se emiten mal a factura e a corrixen, mais opina que non é de recibo que o goberno actual se sinta satisfeito con dicir que “é un pufo do goberno anterior”. Manifesta que se pagaba o que había que pagar de Servizos Sociais e pide que non metan a política na páxina web do Concello de Carral.

A señora Guimarey García explica que os panfletos que se repartiron na Festa do Pan foron por queixas das traballadoras que estaban a prestar o servizo e que non teñen nada que ver coas facturas. Explica que co prego técnico do SAF levan un ano e medio e que aínda non conseguiron rematalo, pois tiveron o proceso da COVID no medio. Coida que, en calquera caso, o señor Mouriño tivo moitos anos para sacalo e non o fixo. Reitera que explicou que a empresa Ende Ben entrou en concurso de acredores, e que é un procedemento longo. Explica que o administrador concursal se comunicou co Concello xusto antes do confinamento derivado da COVID, e que a negociación só se puido reiniciar ao rematar a interrupción de prazos. Manifesta que este goberno leva un ano e medio, mais o anterior estivo moito tempo máis. Lembra que no recoñecemento extraxudicial anterior dixeran que lles ían sacar as cores, mais non foi así, pois o devengo ads facturas foi no periodo do mandato do goberno anterior. Explica que o seu compromiso é sacar o prego do SAF á maior brevidade posible, mais leva un procedemento longo e “engorroso”. Opina



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

que deben ser sensatos ao esixir e facer autocrítica, pois o goberno anterior tampouco o contratou e non pasou por unha pandemia.


O señor Fernández Mouriño indica á señora “García” [ela puntualiza que se apelida Guimarey e o señor Mouriño pregúntalle se “renega da súa nai”] que el so lle reprochou que presuman nas redes municipais de que só fixeron dous recoñecementos extraxudiciais e opina que, sendo así, “bastante ben deixaron as cousas”. Opina, asemade, que os panfletos aos que se referiu derivaron en votos, e que a coordinadora da empresa actual á parienta de integrantes da lista de Alternativa dos Veciños, polo que coida que “ás veces non se xoga limpo”. Pide ao goberno municipal que sexa máis prudente ao escribir nas redes.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita), adoptando os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial, expediente nº 2/2020, por un importe total de 14.443,66 euros, dos créditos que a continuación se detallan:

Nº de Entrada	Nº de Factura	Data fra.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ.
F/ 2019/1344	221	30/04/2019	312,00 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	RAMILO VARELA JOSEFA	231	22713
F/ 2019/1345	216	30/04/2019	773,76 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BRANDARIZ BERGONDO DOLORES	231	22713
F/ 2019/1346	229	31/05/2019	162,24 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	GENDE VARELA CARMEN	231	22713
F/ 2019/1347	230	31/05/2019	807,21 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	FERREIRO FERNANDEZ JESUSA	231	22713
F/ 2019/1348	232	31/05/2019	281,42 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BRANDARIZ BERGONDO DOLORES	231	22713
F/ 2019/1349	225	31/05/2019	434,55 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	BARBEITO REBOREDO ANUNCIA	231	22713
F/ 2019/1350	228	31/05/2019	183,58 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	RAMILO VARELA JOSEFA	231	22713
F/ 2019/1351	227	31/05/2019	405,60 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	ROEL BAO MARIA	231	22713
F/ 2019/1354	234	31/05/2019	124,80 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	MORANDEIRA BOQUETE JOSE	231	22713
F/ 2019/1355	231	31/05/2019	748,80 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	CALVIÑO MOSQUERA JOSE	231	22713
F/ 2019/1357	213	30/04/2019	9.497,40 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	Libre concurrencia Abril 2019	231	22714
F/2020/794	Rect2019- 039- 370	25/02/2019	462,70 €	B7033449 5	EVENTOS DEPORTES Y SERVICIOS LUDICOS DEL NOROESTE S.L.U.	Rect. 2019-039 370 / Actividad Judo Escuela Municipal Judo Tabeaio	341	22610
F/ 2020/1671	856	31/01/19	249,60 €	B7031557 7	ENDE BEN ORDES, S.L.	Carmen Gende	231	22713



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

IMPORTE TOTAL	14.443,66 €					
---------------	-------------	--	--	--	--	--

**SEGUNDO.-** Aplicar ao orzamento do exercicio vixente os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións que se sinalan na relación anterior.

## Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

### **7.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os decretos ditados pola Alcaldía entre o 23 de setembro de 2020 e o 23 de novembro de 2020 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria) que se indican a continuación, dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 499/2020) adoptada pola Alcaldía contraria a aquel, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
429/2020	23/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 12/2020
430/2020	23/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 22/2020
431/2020	24/09/2020	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 5/2020.
432/2020	24/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6.2020, TRANSFERENCIA DE CREDITOS 1.2020
433/2020	24/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 7/2020, INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOIR 2/2020
434/2020	24/09/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA AGOSTO DE 2020.
435/2020	24/09/2020	ASUNTO:MEJORA DE SOLICITUD EFECTUADA AL IDAE DE SUBVENCIÓN PARA LA ACTUACIÓN MEJORA DE LA MOVILIDAD PEATONAL EN TRAMO URBANO N-550. FASE 1 AYUNTAMIENTO DE CARRAL. PROVINCIA DE A CORUÑA AL AMPARO DEL REAL DECRETO 616/2017, DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020 (BOE Nº 144, DE 17 DE JUNIO DE 2017).
436/2020	24/09/2020	ASUNTO: MEJORA DE SOLICITUD EFECTUADA AL IDAE DE SUBVENCIÓN PARA LA ACTUACIÓN MEJORA DE LA MOVILIDAD PEATONAL EN TRAMO URBANO N-550. FASE 2 AYUNTAMIENTO DE CARRAL. PROVINCIA DE A CORUÑA AL AMPARO DEL REAL DECRETO 616/2017, DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020 (BOE Nº 144,




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

DE 17 DE JUNIO DE 2017).

437/2020	25/09/2020	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR VACACIÓNS (02 A 09 DE OUTUBRO DE 2020, E 29 DE OUTUBRO A 05 DE NOVEMBRO DE 2020, TODOS ELES INCLÚIDOS).
438/2020	25/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 77/2020
439/2020	25/09/2020	ASUNTO: APROBACION DE FACTURAS DE ADQUISIÓN DE LIBROS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE CARRAL POR IMPORTE DE 1.891,47 €.
440/2020	28/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 76/2020
441/2020	28/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA VIAIS NA PARROQUIA SANTA MARIÑA DE BEIRA (FINANCIADA AO 100%- 119.000,00 €- A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
442/2020	28/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL (LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA) (FINANCIADA AL 100%- 174.777,18 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
443/2020	28/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA VIAIS PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE PALEO (FINANCIADA AO 100%- 52.554,00 €-A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
444/2020	28/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA VIAIS NA PARROQUIA DE SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA AO 100%- 51.330,00 €-A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
445/2020	28/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2020.
446/2020	29/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (CULTURA E TURISMO) PROGRAMA B ORDE 8 XANEIRO 2020 (DOG 27,10-2-2020), ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO E PARA A MELLORA DAS COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS, CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT235A)
447/2020	29/09/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000020770 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
448/2020	30/09/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (SETEMBRO DE 2020).
449/2020	30/09/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 12/2020, ORDINARIA, 01 DE OUTBRO DE 2020
450/2020	01/10/2020	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA SENDA PEONIL E CICLISTA NA N-500 ENTRE TABEAI O E CARRAL (SUBVENCIONADA POR LA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LA XUNTA DE GALICIA- 153.655,17 € SOBRE EL PRESUPUESTO TOTAL DE 153.655,17 €, IVA INCLUIDO- A TRAVÉS DEL CONVENIO DE COOPERACIÓN FIRMADO CON EL CONCELLO DE CARRAL AL EFECTO).
451/2020	01/10/2020	ASUNTO: ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARRAL AO PEL-REACTIVA (FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA).
452/2020	05/10/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA SETEMBRO DE 2020.




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

453/2020	06/10/2020	ASUNTO: APROBACION DO GASTO PARA A DISPOSICIÓN DO SINAL PARA A RETRANSMISIÓN DA GALA DO ENCONTRO INTERNACIONAL DA MÚSICA DE PULSO E PÚA NO CAMIÑO 2020.
454/2020	06/10/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA SENDA PEONIL ACCESO ÁREA RECREATIVA DA BREXA (FINANCIADA AL 100%- 37.701,79 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2020) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
455/2020	09/10/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE D. RAMIRO JESÚS DIAZ BARBEITO.
456/2020	09/10/2020	ASUNTO: SAF DEPENDENCIA: AMPLIACIÓN 70 HORAS JESÚS CABANAS GÓMEZ
457/2020	09/10/2020	ASUNTO: SAF PASO DE LIBRE A DEPENDENCIA ANTONIA LOIS BELLO.
458/2020	09/10/2020	ASUNTO: EXP LP 78/2020
459/2020	13/10/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000020837 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
460/2020	13/10/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000020895 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
461/2020	13/10/2020	ASUNTO: REDUCCIÓN SAF DE Mª CARMEN BELLO BREA.
462/2020	14/10/2020	ASUNTO: DECRETO CONCESIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO DE JOSÉ FUENTES PONTE.
463/2020	14/10/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNÓ LOCAL 13/2020, ORDINARIA, 15 DE OUTUBRO DE 2020
464/2020	14/10/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA SENDA PEONIL E CICLISTA NA N-500 ENTRE TABEAO E CARRAL (SUBVENCIONADA POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA- 153.655,17 € SOBRE O ORZAMENTO TOTAL DE 153.655,17 €, IVE INCLUIDO- A TRAVÉS DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ASINADO CO CONCELLO DE CARRAL AO EFECTO).
465/2020	15/10/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIONES NÚMEROS UNO (1), DOS (2) Y TRES (3) DE LA OBRA MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL DE SAN VICENTE, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA). (OBRA SUBVENCIONADA POR EL IDAE)
466/2020	19/10/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE D. JOSÉ RAMÓN DE LA IGLESIA REY.
467/2020	19/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 23/2020
468/2020	19/10/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS [AGADIC] CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS NOS CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON MOTIVO DO XACOBEO 21: CULTURA NO CAMIÑO +, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT302B)
469/2020	19/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 24/2020
470/2020	19/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 79/2020
471/2020	20/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 80 /2020
472/2020	20/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 81 /2020
473/2020	22/10/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL) DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2020.
474/2020	22/10/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA ACONDICIONAMENTO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO ESPÍÑO (FINANCIADA AL 100%- 34.479,43 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2020) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
475/2020	22/10/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MURO CONTENCIÓN E ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO EN BACELO (FINANCIADA AL




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

100%- 39.895,01 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2020) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).

476/2020	22/10/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA NOVO SANEAMIENTO SAN VICENTE DE VIGO (FASE 1)&#8221; (FINANCIADA AL 100%-133.705,77 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 2ª E DERRADEIRA FASE) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
477/2020	22/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 22/2020 BIS
478/2020	23/10/2020	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 83/2020
479/2020	23/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 82/2020
480/2020	23/10/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (OUTUBRO DE 2020).
481/2020	26/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 85/2020
482/2020	26/10/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE DONA MARÍA FELIPA FIAÑO CALVIÑO
483/2020	26/10/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2020.
484/2020	28/10/2020	ASUNTO: MODIFICACIÓN DO MEU DECRETO 437/2020, DE COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR VACACIÓNS (DO 30 DE OUTUBRO AO 06 DE NOVEMBRO ; EN LUGAR DO 29 DE OUTUBRO A 05 DE NOVEMBRO DE 2020- TODOS ELES INCLUIDOS).
485/2020	28/10/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 14/2020, ORDINARIA, 29 DE OUTUBRO DE 2020
486/2020	29/10/2020	ASUNTO: APROBACION DE FACTURAS POR IMPORTE DE 603,00 €.
487/2020	29/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 25/2020
488/2020	30/10/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8/2020, XERACIÓN DE CRÉDITOS 5/2020.
489/2020	02/11/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 5/2020 , EXTRAORDINARIA, 05-11-2020
490/2020	04/11/2020	ASUNTO: INCOACIÓN EXPEDIENTE BAIXA DE OFICIO POR INSCRIPCIÓN INDEBIDA DE MARTHA BECERRA, SAMANTA CANOSA, Mª ALEJANDRA CARBAJAL, ANGÉLICA DÍAZ, FRANCO M. GONZÁLEZ, SOFÍA GONZÁLEZ, MANUEL DE JESÚS JIMÉNEZ, JESÚS NOYA E SANDRA PAOLA VARELA.
491/2020	04/11/2020	ASUNTOS: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9.2020, TRANSFERENCIA DE CREDITOS 2.2020.
492/2020	04/11/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA OUTUBRO DE 2020.
493/2020	05/11/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 7/2020 , EXTRAORDINARIA, 10 DE NOVEMBRO DE 2020
494/2020	05/11/2020	ASUNTO: DECRETO AMPLIACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA, DE OFICIO, DE SAF DE JULIA RODRÍGUEZ GARCÍA.
495/2020	11/11/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 87/2020
496/2020	11/11/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 26/2020
497/2020	11/11/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000021145 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
498/2020	11/11/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/2020, ORDINARIA, 12 DE NOVEMBRO DE 2020
499/2020	12/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E LEVANTAMIENTO DE REPARO SUSPENSIVO 8/2020
500/2020	13/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) AO ABEIRO DA ORDE DO 07 DE XANEIRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DA SUBVENCIÓN A



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT236A)
501/2020	16/11/2020	ASUNTO: SUSPENSIÓN TEMPORAL SAF M <sup>a</sup> CARMEN BELLO BREA.
502/2020	16/11/2020	ASUNTO: CONCESIÓN TARETA ESTACIONAMENTO M <sup>a</sup> LUISA FERREIRO MOURIÑO.
503/2020	16/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 2 <sup>a</sup> TRIMESTRE 2020.
504/2020	18/11/2020	ASUNTO: ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN Á COTA DO CAMPAMENTO DE VERÁN ENGLISH SPORT CAMP DE DARÍO E LEO CAMPELO BOUZAS REALIZADAS POLA SÚA NAI ROCÍO BOUZAS VILLASENÍN.
505/2020	18/11/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE SAF MUNICIPAL URXENTE, DE JOSÉ ANTONIO BAO ESPÍÑEIRA.
506/2020	18/11/2020	ASUNTO: ESTIMACION DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS PARA A PARA A ACTIVIDADES DE PILATES DOS MESES DE MARZO E ABRIL, SUSPENDIDA O 13 DE MARZO DE 2020, COMO CONSECUCENCIA DO ESTADO DE ALARMA MOTIVADO POLA CRISE SANITARIA DO COVID-19 .
507/2020	18/11/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 6/2020 , ORDINARIA, 23-11-2020
508/2020	19/11/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 88/2020
509/2020	19/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIONES PRIMERA (1 <sup>a</sup> ) Y SEGUNDA (2 <sup>a</sup> ) DE LA OBRA (CONTRATO MENOR) MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)
510/2020	20/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE (2019)
511/2020	20/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 25N.
512/2020	20/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE BEIRAVÍAS EN VIAIS DO CONCELLO DE CARRAL.
513/2020	20/11/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 84/2020
514/2020	20/11/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REALIZACIÓN DE DÚAS SESIÓN DE CONTACTOS DE ANIMACIÓN Á LECTURA NA BIBLIOTECA OS DÍAS 26 DE NOVEMBRO E 17 DE DECEMBRO DE 2020.
515/2020	23/11/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (NOVEMBRO DE 2020).
516/2020	23/11/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 8/2020 , ORDINARIA, 26 DE NOVEMBRO DE 2020

## 8.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante). O





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

señor Fernández Mouriño (voceiro do grupo municipal do PP) indica que si, e procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF.

## 8.1.-Moción do grupo municipal do PP "para a adopción de medidas económicas e sociais en defensa dos autónomos e das PEMES afectados polas restricións impostas pola crise sanitaria derivada do COVID-19".

### EXPOSICIÓN

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (registro de entrada 1.880, do 24 de novembro de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

#### "GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CARRAL

#### MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DOS AUTÓNOMOS E DAS PEMES AFECTADOS POLAS RESTRICCIÓNS IMPOSTAS POLA CRISE SANITARIA DEIRVADA DO COVID-19

O Grupo Municipal Popular no concello de Carral de acordó co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar a o Pleno Municipal a seguinte proposta de MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de outubro rexistrouse en España, e na maioría dos países europeos, unha tendencia ascendente no número de casos de COVID-19. O incremento da transmisión está afectando a grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento.


A Xunta de Galicia, desde a declaración de situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo de 2020, está dando resposta a esta crise sanitaria adoptando, ao abeiro da lexislación sanitaria, medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do Conselleiro de Sanidade, en atención á evolución territorial da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa finalidade de reverter a tendencia ascendente desta enfermidade e evitar acadar un nivel de sobrecarga do sistema sanitario como o que se experimento una primeira vaga da pandemia, o 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Neste Real Decreto, con vixencia prorrogada ata o 9 de maio 2020, habílanse aos presidentes das Comunidades Autónomas, como autoridades competentes delegadas, a adoptar medidas limitativas da circulación de persoas en horario nocturno, da entrada e saída de persoas do territorio autonómico, da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados, así como aquelas outras que se estimen necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Neste contexto normativo derivado do vixente estado de alarma, e ante a evolución da situación epidemiolóxica, o presidente da Xunta de Galicia, como autoridade competente delegada, adoptou os Decretos 178/2020, 179/2020 e 181/2020 e 182/2020. Nestes decretos e nas ordes complementarias da Consellería de Sanidade recóllense unha serie de medidas recomendadas polos expertos do Subcomité clínico, que implican para os habitantes do noso concello unha serie de limitacións na súa liberdade de desprazamento, así como na permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.

A crise económica derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día a carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERTES; plan de dixitalización para as pemes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio o una automoción; o Plan de



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Reactivación do sector cultural, o Cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do emprego nos sectores máis afectados polo Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender aos pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostalería, neste mesmo de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas -compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e pemes- que se está ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administración debemos continuar afondando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos máis afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

En definitiva, o noso concello debe traballar coa máxima lealdade e coordinación coas restantes administración, sendo sensible as graves dificultades económicas que están sufrindo moitos autónomos e pemes dedicados a servizos como os do comercio ou a hostalería, ente outros, que viron reducido dun xeito importante o seu nivel del facturación. É urxente que todas as administración, cada unha dende o seu ámbito competencial, adoptemos medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica.

Dende este concello tamén debemos achegar liquidez a estas pemes e autónomos, minorar a carga impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido productivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación das mesmas, así como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Carral presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDOS

1.-Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais parfa un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios dende o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.


2.-Destinar parte dos fondos que o municipioreiba do mencañismo europeo Next Generation Europea o apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver acción de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

3.-Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmóbiles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas ou xurídicas nas que concurra a dobre condición de titular do ben inmóbil e responsable da activiade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que e beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de presos públicos, taxas locais e impostos municipais.

4.-Proceder á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde o 13 de marzo de 2020, así como das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

5-Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc).

6.-Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.

7.-Realizar unha campaña institucional de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local.  
En Carral, a 24 de novembro de 2020

José Luis Fernández Mouriño

Portavoz do Grupo Municipal Popular.”.

O señor Fernández Mouriño (PP) indica que imaxina que, coma en todas as Administracións, estarase a elaborar o orzamento para 2021, e considera que o normal sería telo xa presentado ou avanzado. Opina que a moción é urxente pois o Concello debería adoptar medidas para o ano que vén eliminar taxas, baixar impostos ás PEMES, ou outorgar axudas á hostalería ou ás microempresas.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con oito votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV e do PSdeG-PSOE, fronte a catro votos a favor (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e da señora concelleira non adscrita), polo que non se pasa ao debate e votación da moción presentada.

**8.2.-Moción do grupo municipal do PP “para instar al Gobierno a modificar la Ley Orgánica de modificación de la LOE para aumentar la calidad de nuestro sistema educativo y garantizar los derechos fundamentales de los españoles recogidos en la Constitución.”.**

## EXPOSICIÓN

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (registro de entrada nº 1.879, do 24 de novembro de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:


**“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CARRAL PARA INSTAR AL GOBIERNO A MODIFICAR LA LEY ORGÁNICA DE MODIFICACIÓN DE LA LOE PARA AUMENTAR LA CALIDAD DE NUESTRO SISTEMA EDUCATIVO Y GARANTIZAR LOS DERECHOS FUNDAMENTALES DE LOS ESPAÑOLES RECOGIDOS EN LA CONSTITUCIÓN.**

El Grupo Municipal/Provincial Popular en el Ayuntamiento de Carral, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta Acuerdo/Moción:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La nueva ley educativa, la Ley Orgánica de Modificación de la Ley Orgánica de Educación (LOMLOE) o “ley Celaá” ha sido tramitada por el Gobierno de España de espaldas a la comunidad educativa en particular y a la sociedad española en general:

- Inició su trámite parlamentario en pleno estado de alarma y el Gobierno ha utilizado la situación de pandemia para acelerar los plazos parlamentarios y hurtar el debate de una ley de estas características exige.
- El proyecto de ley no ha sido informado por el Consejo de Estado ni por el Consejo Escolar del Estado.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Se ha rechazado la solicitud del Grupo Popular para que expertos y representantes de la comunidad educativa (profesores, padres, alumnos, etc.) informaran y asesorara a la Comisión de Educación y FP del Congreso. Un hecho sin precedentes en el debate de otras leyes educativas.
- La votación de todas las enmiendas al articulado y el debate público en la Comisión de Educación y Formación Profesional del Congreso se ha desarrollado en una única sesión. Los diferentes grupos parlamentarios han tenido que debatir y votar en una única sesión más de mil enmiendas.

Además de esta falta de diálogo, consenso y transparencia, la "ley Celaá" representa la imposición de un modelo caduco, anticuado y superado, el de la LOE de Zapatero que condujo a nuestro país a tasas de abandono educativo temprano cercanas al 30%. La LOMLOE representa un regreso a los principios de la LOGSE tan nefastos para el conjunto educativo.

La LOMLOE (tanto en su redacción original como a través de las enmiendas presentadas por PSOE y Podemos en connivencia con los partidos separatistas) supone la ruptura del Pacto Constitucional en materia educativa:

- 1.-Suprime las libertades educativas consagradas en el Artículo 27 de la Constitución Española y con ello impide a las familias españolas elegir la educación y el centro educativo que quieren para sus hijos.
- 2.-Ignora las competencias exclusivas del Estado establecidas en el Artículo 149 de la Constitución, de regulación de las normas básicas del desarrollo del derecho a la educación y la libertad de enseñanza además de en la obtención, expedición y homologación de títulos.
- 3.-Elimina la condición del castellano como lengua oficial del Estado y como lengua vehicular en la enseñanza, en el marco de un bilingüismo o trilingüismo integrador.

Desde el Partido Popular consideramos la LOMLOE un ataque frontal a nuestra democracia y un freno para nuestro sistema educativo alcance los niveles de calidad, equidad y libertad propios de los sistemas educativos más modernos e innovadores, aquellos que han permitido avanzar hacia niveles muy importantes de conocimientos y competencias. Por ello el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Carral, presenta la siguiente:

## PROPUESTA DE ACUERDO

- 1.-Instar al Gobierno de España a volver al Pacto Constitucional en materia educativa y a respetar la doctrina constitucional en sus diferentes sentencias que garantizan el derecho de las familias a elegir el modelo educativo y el centro donde escolarizar a sus hijos, así como la presencia en el sistema educativo de los centros de enseñanza diferenciada como una opción pedagógica más a las que las familias tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad.
  - 2.-Respetar y cumplir el Artículo 27.3 de la Constitución que obliga a los poderes públicos a garantizar el derecho que asiste a los padres para que sus hijos reciban la formación religiosa y moral que esté de acuerdo con sus propias convicciones.
  - 3.-Adoptar las medidas oportunas para que la enseñanza de la lengua castellana y las lenguas cooficiales no sea fuente de discriminación en el ejercicio del derecho a la educación.
  - 4.-Extender la gratuidad a las etapas post obligatorias: Bachillerato y Formación Profesional y configurar una etapa voluntaria y gratuita, garantizando que ningún alumno quede sin escolarizar por razones socioeconómicas.
  - 5.-Garantizar la existencia y gratuidad de los centros de educación especial tanto en la red pública como en la privada concertada como elementos importantes de un modelo educativo especializado y plural que le permita elegir a las familias la opción más adecuada a sus intereses y necesidades.
  - 6.-Incorporar las medidas de calidad y excelencia referentes en los países de nuestro entorno con el fin de superar los niveles de conocimientos y competencias exigibles a los sistemas educativos en el marco europeo: evaluación transparente y rendición de cuentas, autonomía de los centros, refuerzo de la función directiva, etc.
  - 7.-Respetar los cuerpos nacionales del profesorado. En este marco, aprobar un sistema de selección, formación y carrera profesional para los docentes que permita situarle en el epicentro de la mejora de la calidad del sistema educativo.
  - 8.-Implantar aquellas medidas que incrementen la cohesión y vertebración del sistema educativo y garanticen la igualdad de oportunidades:
- Creación de un Fondo de Cohesión Territorial que permita una financiación adecuada de las comunidades autónomas y permita actuaciones preferentes en aquellas zonas geográficas o centros educativos que precisen medias de calidad específicas.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Refuerzo de la Alta Inspección educativa para asegurar que el derecho a la educación sea ejercido en igualdad de oportunidades en toda España y que las enseñanzas se imparten con observancia de lo dispuesto por la Constitución Española.
- Implantar una prueba general de Bachillerato, única en toda España conducente a título con el fin de garantizar unos niveles básicos de calidad en todo el sistema y asegurar la igualdad de oportunidades en el acceso a la universidad.
- Implantar un Plan de Evaluación General del Sistema Educativo, de periodicidad trienal que permita al estado disponer de un diagnóstico certero del sistema y adoptar las decisiones adecuadas para la mejora continua del mismo.
- Diseñar un currículo común en toda España que represente el 65 % de las enseñanzas comunes en sus propios términos en aquellas CCAA sin lengua cooficial y el 55% en aquellas que tengan lengua cooficial.

9.-Avanzar hacia la modernización y transformación del sistema educativo. En este sentido:

- Desarrollar un Plan integral para la modernización y transformación digital del sistema educativo avanzando hacia el pleno dominio por parte de todos los alumnos de las competencias digitales.
- Incorporar la obligatoriedad en el sistema educativo español del aprendizaje de una segunda lengua extranjera.
- Reforzar y modernizar la formación profesional dual adecuándola a las exigencias de nuestro modelo productivo.
- Incorporar a la legislación básica de un Plan de emergencia educativa para situaciones de catástrofes, crisis sanitarias o contaminaciones graves.

10.-Apoyar el recurso inconstitucional anunciado por el Partido Popular contra la LOMLOE para garantizar que no se vulneren derechos recogidos en nuestra Carta Magna como libertad de elección o el derecho a recibir educación en castellano, lengua oficial de España según marca el Art. 3 de la Constitución.

11.-Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno y a la Ministra de Educación y Formación Profesional, así como a los portavoces de los grupos políticos con representación en el Congreso de los Diputados.

En Carral, a 24 de noviembre de 2020


El Portavoz del Grupo Municipal Popular de Carral

José Luis Fernández Mouriño

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Carral".

O señor Fernández Mouriño (PP) explica que a lei á que se refire a moción se está a tratar agora. Engade que non entende por que non se debatiu a moción anterior, xa que agora vai vir de Infraestruturas a anulación do canon da auga.

O señor Alcalde pídelles que se limite ao punto da segunda moción que se está a tratar, e o señor Fernández mouriño reitera que lle parece unha magoa non debatir a anterior. Explica que na moción falan do futuro da educación, e que pensan que a lei non é boa para España. Opina que non é grave para Galicia, que non está presionada por "nacionalistas empedernidos" para eliminar o castelán, mais considera que é urxente antes de que se trate no Senado ou no Tribunal Constitucional, que decidirán. Coida que a calidade da educación ten que ir a máis e reforzarse para estudar, e non pasar curso sen estudar. Considera que a lingua castelá é das máis ricas do mundo, e que habería que potenciar unha terceira lingua ademais da lingua propia, e non acabar cos colexios concertados que, na súa opinión, son necesarios, pois son máis baratos para a Administración e a súa calidade é, cando menos, igual.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por nove votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV, dos/as tres do grupo municipal do PP presentes na sesión e da concelleira non adscrita), coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

### DEBATE


O señor Fernández Mouriño opina que a lei está feita con presións das Comunidades Autónomas que non queren que España sexa España. Explica que na moción se propón que se respecte a Constitución e , entre outras cuestións, que se modernice a FP dual, a incorporación dunha segunda lingua estranxeira, ou máis medidas que se indican nas propostas de acordos.

A señora Caridad López (AdV de Carral) manifesta que non entende por que está en contra da lei Celáa, pois considera que con ela non se está en contra de que os nenos vaian á escola nin contra o ensino concertado e pregúntalle ao señor Fernández mouriño se leu ben o texto da norma.

O señor Fernández Mouriño reposta que leu un esquema dela.

A señora Caridad López engade que, na súa opinión, a lei Celáa quere a igualdade de todos os nenos con independencia da súa clase económica, e busca investir máis na educación pública. Engade que, segundo a Constitución, en España todos teñen dereito á educación, mais coida que non é igual á liberdade de educación, que opina que non a hai. Considera que un neno do rural só pode ir a unha escola pública, pois non hai concertadas. Coida que, aínda que non llelo pareza ao PP a VOX e a Cidadáns, a educación pública é un dos obxectivos máis importantes da lei Celáa, e que nela se quere que na educación obrigatoria se acaden tantos coñecementos de castelán coma das linguas cooficiais. Opina que, coma galegos, deberíamos tentar que non desapareza o galego e que quede, alo menos, ao 50%. Engade que non é verdade o bulo de que os profesores da concertada van quedar sen traballo. Na súa opinión, o punto máis claro da lei é a igualdade na educación e deixar fóra o elitismo, o que lle parece perfecto, pois quere que todos os nenos poidan estudar. Explica que en 3º da ESO xa mandaban á FP aos que ían mal, mais opina que hai outras maneiras de que poidan facer unha carreira. Reitera que opina que a lei busca a igualdade entre todos independentemente das condicións do seu nacemento, o que lle parece básico. Opina que un neno do rural só pode ir á privada se ten cartos. Por iso, anuncia que o seu grupo vai votar en contra da moción, pois considera que a lei vai dar igualdade e apoiar o público, e coida que o que queira ir á privada debe pagalo.

A señora Ramilo Varela indica que coñece moitos nenos do rural que van a escolas concertadas, e que tamén nas cidades hai moitos nenos que van ás públicas, pois opina que os nenos do rural teñen as mesmas facilidades cós da cidade, pois xa non vivimos na época en que non se podía chegar á Coruña. En canto á integración de nenos con características especiais en colexios sen esas características, coida que pode estar ben, mais que os que teñen nenos non pensan así. Manifesta que están convencidos de que non se poden integrar, e que o sabe directamente porque o vive, pois teñen que estar atendidos doutra maneira.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

A señora Caridad López replica que ela é do rural e que está moi orgullosa diso, mais opina que en Galicia, pola súa poboación dispersa, hai moita xente que non pode e non ten as mesmas capacidades de elección, a diferenza de Carral, que está ao lado da Coruña. Opina que, por iso, é diferente a liberdade de educación e a igualdade na educación. En canto aos nenos con capacidades diferentes [a señora Ramilo Varela replica que se debe dicir “características especiais”], opina que estarán mellor cun apoio, e que por iso tenta a lei mandar máis orzamento aos centros públicos. Explica que na lei se di que se consultarán ás familias se prefiren un centro especial ou a integración. Coida que é fundamental investir no ensino público.

A concelleira non adscrita manifesta que lle alegra que se votase a urxencia da moción, e anuncia o seu voto a favor, aínda que non se vaia aprobar. Lamenta que a lei Celáa, na súa opinión, non teña en conta aos equipos educativos, e que haxa cambios das leis de Educación cada vez que cambia o goberno. Opina que non debería ser un tema político, mais que a lei que se propón é para dar privilexios aos cataláns a cambio de aprobar os orzamentos do Estado. Opina que en España se fala español de toda a vida, e indica que non imaxina en Francia falando o “dialecto euskera” ao lado da fronteira. Engade que levan anos con todos os libros en galego, e en castelán só o de lingua castelá dende primaria, polo que non sabe de que 50% falan. Pregúntase dende cando periga o galego. Opina que o español é a segunda lingua mundial e manifesta que, cando estivo 12 anos en Suíza, en español a entendía a xente. Coida que só interesan os intereses políticos segundo quen goberna e os apoios dos partidos independentistas, e opina que “así vamos”. Considera que todos están en contra da relixión mais pregúntase quen vai traballar os días de nadal, e engaden que todos se din laicos, mais chega a semana santa e todos marchan de vacacións. Opina que non se pode ser hipócritas e coida que ninguén pensa nos rapaces. Explica que ten unha sobriña con necesidades especiais e que, se ben ela non é médica, sabe que non pode estar nun colexio público; opina que non están ben adaptados á COVID e que non hai cartos suficientes para substituír todos os concertados por públicos, e que iso “complicaría máis a vida” aos pais. Opina que falan entre políticos en vez de cos expertos educativos, o que considera lamentable. Manifesta que sabe que é española, que ama a bandeira de España e que se fale español.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que é “impresionante” e indica que “non dá crédito”. Coida que a concelleira non adscrita debería “deixar de ver 13 TV e ler prensa libre”. Considera que non vai desaparecer España, que o concepto de “lingua vehicular” non está na Constitución, e que non está en perigo. Explica que a súa filla no Instituto ten o 50% das clases en español e o 50% en galego, e opina que o problema da lingua vén dunha xente de Vigo que só quería español. Indica que a escola ESADE, a máis importante en economía en España, aplaudiu a lei Celáa. Coida que interesa axitar a bandeira e crisar en vez de fomentar a unión e indica que lle preocupa que se traia este asunto ao Pleno de Carral para crear conflito. Tamén indica que Fernando Ónega aplaudía onte a Lei Celáa, e opina que garantirá a educación a absolutamente todos os nenos. Considera que se trata de “demagogia, de fume e de crear medo cunha política marrulleira e asquerosa”, e lembra que Trump acaba de marchar para casa. A concelleira non adscrita replica “ao teu tampouco lle queda moito tempo”.

O señor Cetina Mochales (grupo municipal do PSdeG-PSOE) lembra que o señor Fernández mouriño dixo algunha vez que ás veces se levaban mocións porque os partidos o mandaban, e que entende que é complicado. Pide ao PP que sexa unha dereita coma a europea, que, segundo indica, en Francia apoia estas leis. Lembra que, cando era ministro Gabilondo, o PP botou para atrás o 80% das propostas, o que considera lamentable. Opina que cómpre unha lei de Educación que non se cambie cada catro anos. Coida



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

que a concertada está ben e que antes era ao contrario, mais reconece que ten algúns servizos mellores, polos que considera que algúns fillos van a tales escolas (e opina que nos “fillos de Cristo e as Virxes de non sei onde” teñen que “tragar” e pagar 200 € por eles e levar uniforme). Manifesta que este ano a concertada estivo por enriba da pública na Selectividade polos seus recursos de internet, mentres considera lamentable que na pública houbo arredor dun 30% que non deu clase. Opina que habería que esquecer antagonismos de hai 70 anos e puntualiza que a Igrexa se apropiou de festividades anteriores para fixar as súas. Conclúe manifestando a súa mágoa por que non se teña sacado unha lei de Educación estable en 25 ou 30 anos.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, a moción é rexeitada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por oito votos en contra (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV e dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE) fronte a catro a favor (dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e da concelleira non adscrita)

## 9.-ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Alcalde indica que a sesión debería rematar antes das 22 horas, para permitir o desprazamento das persoas que viven na Coruña antes do tope establecido na normativa relativa á COVID.

### 9.1.-Rogos e preguntas da concelleira non adscrita, Duarte Gerpe.

A concelleira Duarte Gerpe manifesta que vai repetir as preguntas da sesión anterior. O señor Alcalde indícalle que se non están relacionadas cos temas de hoxe, debería facelas por escrito e presentalas por rexistro para que llas conteste pois, en caso contrario, non vai poder contestalas. A concelleira non adscrita replica que xa non lle contestou na sesión anterior.

- 1.- Pregunta para cando vai estar a contratación do SAF, da limpeza viaria e do centro deportivo pois ao anterior goberno municipal lle levou anos e, segundo ela, a señora Guimareydixo que ía estar feita nuns meses.
- 2.-Pregunta cal foi o gasto executado na obra do xardín con bancos da Costa do Pincho, quen instalou a electricidade e que convenio existe co propietario do terreo.
- 3.- Pregunta cando se vai facer a recollida de pluviais ata Vilasuso na estrada de Quembre, e a reforma da ponte de Quembre, pois indica que hai un terreo con conos e cintas de perigo sen arranxar.
- 4.-Pregunta cando se van contratar os pasos de peóns de Carral e Tabeaio e espera que se manteñan co deseño orixinal.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

5.-Reitera a súa proposta para a limpeza e acondicionamento do terreo onde se produciu o accidente do rally.

6.-Indica que, coma en todos os plenos, vai preguntar, no tocante aos roteiros, cando se van repoñer os sinais da Costa da Égoa, pois están os postes tirados na beiravía. Pregunta se alguén ten pensado voltar a sinalizar os roteiros.

7.- Pregunta que subvencións están solicitadas e a que Administracións.

8.-Pregunta se hai algún proxecto previsto para aproveitar as casas dos mestres, xa que todas son de titularidade do Concello.

9.-Pregunta que orzamento se gastou nas máscaras de tea co logotipo do Concello de Carral, como se fixo o prego de contratación, se para a mellor oferta ou por algunha persoa que traballa alí. Opina que, se for algún familiar, podería haber unha prevaricación. Pregunta tamén con que criterio se están a repartir.

10.- Indica que votaron en contra da urxencia da moción relativa ás axudas a autónomos, comerciantes ou hostalería e manifesta que lle estraña que o PSOE non votase a favor. Pregunta se hai algunha iniciativa en canto ao cobramento polo Concello das taxas, do lixo...

11.-Pregunta se van deixar a vila a escuras para o Nadal, e espera que pensen nos nenos.

12.-Pregunta canto gastaron e canto queda a 27 de novembro da partida de 20.000 € para emerxencia social, e espera que non se deixen remanentes.


13.-Opina que no goberno municipal están moi tranquilos coa empresa ponte do SAF, mais indica que pasan recibos con até tres meses de retraso, e que algunha familia mesmo tivo que devolvelos. Lembra que a ela tamén lle custou traballo revisar os recibos, mais miraron para que foran ao día e para non cargar tres xuntos.

14.- Manifesta tamén en relación co SAF que, ao vir Nadal, é prosible que pidan mandar aos trabaladores en sábado ou domingo ao ser o luns festivo, e non o xoves ou o venres, cando o custe da hora é máis económico. Pide que estean atentos a iso.

15.-Pregunta se os concelleiros non teñen coche, pos considera que usan os do Concello, incluso con particulares. Indica que na súa época non se facía. O señor Alcalde resposta que lles deu el a orde e que pode facer a pregunta por escrito e que lla contestará. A concelleira non adscrita replica que leva cinco meses facendo as mesmas preguntas e dálle ao Alcalde as "grazas polo tempo e o esforzo", que considera que lle "vai no soldo".

O señor Fernández Mouriño opina que é unha burla o que fai o Alcalde e que debería ter máis respecto. Considera que ao Alcalde non lle gusta estar no pleno, "pero toca", e opina que "é un maleducado".

O señor Couto López (PsdeG-PSOE) opin a que é o que fixo o señor Fernández mouriño moitas veces cando era Alcalde.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Bello Hermida (ADV de Carral) lembra á concelleira non adscrita e ao señor Fernández Mouriño que pediron que se xustificase a que viñeran na sesión de setembro, por haber un só punto da orde do día ademais da fixación dos festivos laborais locais. Opina que, con iso, faltaron ao respecto ao equipo de goberno, ao Secretario, á Interventora e á Técnica de Administración Xeral do Concello e prega que pidan disculpas. Lembra que, entre outras moitas sesións plenarias realizadas no mandato anterior, na do 24 de setembro de 2015 houbo a mesma orde do día, aínda que cun punto menos; na do 3 de maio de 2016 só un recoñecemento extraxudicial; na do 24 de novembro de 2016 só a aprobación da acta anterior; ou na do 28 de setembro de 2017 a aprobación da acta anterior e a fixación de festas laborais. Engade que, a pesares diso, “puxeron verdes” ao Secretario, á Interventora e ao equipo de goberno, e opina que son ns “impresentables” e que deberían ter respecto.

A concelleira non adscrita replica que reitera o que dixo e que non lle falta ao respecto a ninguén. Manifesta que cobran uns 70.000 €, que os cidadáns non poden vir á Casa do Concello, que os expedientes lle chegan ao Secretario do Concello á metade da fiestra, e que están pendentes todas as contratacións do goberno anterior. Considera que lles debería dar vergoña, igual que ao Alcalde anterior, ter un só punto na orde do día do Pleno, e opina que “non son mellores ca nós”. Considera que non ten que pedir disculpas a ninguén, e opina que se teñen que “poñer a traballar, que teñen todo paralizado”.

O señor Barbeito Rey (grupo municipal do PP) indica que a Lei permite ir a Coruña por traballo e lembra que, cadno o Alcalde rematou o pleno anterior, ía contestar ao señor Caamaño (AdV de Carral) que o acusara de cobrar pola retirada dos niños de velutinas. Pídelle que traia unha proba de ingresos na súa conta e, se non, que se disculpe.

O señor Caamaño Rodríguez pregúntalle se quere que traia ao pleno un documento asinado pola Presidenta da Asociación de Voluntarios de Protección Civil, e indica que se foi para xustificar subvencións con algo ilegal, teñen un problema.

A señora Caridad López (AdV de Carral) pregúntalle á concelleira non adscrita se ela non cobrou cando traballaba aquí.

A concelleira non adscrita manifesta que dixo que estaban a manexar documentación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e facendo públicos datos privados. Engade que non teñen nada que ocultar e que o señor caamaño debe “ir despacio” pois, segundo ela, “o mes pasado firmou algo que non tiña que firmar”. Indícalle que “mire de non meter a pata; non vai acabar a lexislatura porque o van inhabilitar”. Reitera que ninguén se quedou con nada, e que debe ler a convocatoria da subvención e “non meter a pata”.

O Alcalde dille á concelleira non adscrita que están “cansados de oíla toda a noite” e ela replica que “é unha falla de respecto”; o señor Alcalde opina que a falla de respecto é a dela cara aos demais.

A concelleira non adscrita lembra que estivo entre sete e nove meses sen cobrar cando houbo a moción de censura, e opina que os membros do goberno actual fixeron o pacto porque non aguantaban sen cobrar. Opina que ningún veciño pode dicir de ela que non traballou, mais a súa cotización á Seguridade social foi do 70%, cando estivo a disposición do Concello día e noite, a pesares de non ter o soldo do 100%.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Considera que o equipo de goberno ten que aguantar á oposición, igual que a oposición ao equipo de goberno e opina que, “se non lles gusta a oposición, non convoquen plenos”.

Ás **21:57** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval